

SUXESTIÓNS 23.V.2024
DOMINGO DUODÉCIMO DO
TEMPO ORDINARIO. CICLO B

SUXESTIÓNS

- Os apóstolos eran maioritariamente **pescadores**, sobre todo Pedro e Andrés, Santiago e Xoán. Entenderían perfectamente a mensaxe deste texto. Lembremos aos que sofren na costa naufraxios e mortes e tamén a aqueles que ao emigrar en padeiras arriscan a súa vida buscando mellores oportunidades.
- Estes domingos adoitamos ter **primeiras comunións**. Poderíase destacar que facer a primeira comunión é contar con Xesús na vida: queremos que El sexa o noso Capitán (respondéndolle con fe, confiando nel)/nel), que tome o temón da nosa barca (nosa vida coas súas loitas), necesitamos cada domingo escoitar a súa folla de ruta (Palabra de Dios que nos marca o seu estilo de vida: amor), e alimentarnos do seu Pan (eucaristía cada domingo), e non nos esquezamos de chamarlle cando lle necesitamos (na oración).
- O Papa Francisco referiuse a este texto do evanxeo comparándoo con **tempo de pandemia** por mor do Covid 19. Todos lembramos as palabras do Papa naquel atardecer de marzo de 2020 na praza de S. Pedro, baleira: *“Densas tebras cubriron as nosas prazas, rúas e cidades; fóronse apropiando das nosas vidas enchendo todo dun silencio que enxordece e un baleiro desolador que paraliza todo ao seu paso: palpítase no aire, séntese nos xestos, dino as miradas. Atopámonos asustados e perdidos. Do mesmo xeito que aos discípulos do Evanxeo, os sorprendeu unha tormenta inesperada e furiosa. Deámonos conta de que estabamos na mesma barca, todos fráxiles e desorientados; pero, ao mesmo tempo, importantes e necesarios, todos chamados a remar xuntos, todos necesitados de confortarnos mutuamente”*. Ver homilía completa: <https://youtu.be/L9NL-8KbCpM>

VÍDEOS 12º ORDINARIO-B A tempestade calmada (Mc 4,35-41)

-A tempestade acougada, debuxos:

<https://youtu.be/agotTbRp6lc>

-Xesús calma a tormenta, debuxos:

<https://youtu.be/R5VZRwK111l>

-Xesús calma a tempestade, debuxos:

<https://youtu.be/nlbQkaO4jq4>

-A tempestade acougada, debuxos:

<https://youtu.be/7zrRA8HudAw>

-Debuxos, en inglés con subtítulos:

<https://youtu.be/ZzPwRXytr7Ou>

-Marionetas en inglés: <https://youtu.be/qPOS9O seu6mV0>

-A tormenta, debuxos: <https://youtu.be/io0uZbvq2p4>

-Marcos 4, 35-41, Fundación Ramón Pané, película:

<https://youtu.be/qUX1rFnMKfQ>

-Mc 4, 21-41, película: https://youtu.be/uFVf0t_9kBY

-Xesús calma a tormenta, película: <https://youtu.be/7DlyGgqn-e8>

-Calma a tempestade, película: <https://youtu.be/NRZmcHozais>

-Profetas, Verbo Divino 2012, reflexión:

<https://youtu.be/rpN4ONvpgGs>

-Vivir entre tormentas, Verbo Divino 2015, reflexión:

<https://youtu.be/Ge0BKy4qOco>

-Inestabilidade, Verbo Divino 2021, reflexión:

<https://youtu.be/q969Vb8sIIU>

-Por encima da tormenta, Verbo Divino 2024, reflexión:

https://youtu.be/ZTR_NZTVgTM

-Mc. 4,35-41, Cousas de Dios, Alejandro Navarro Mulet:

<https://youtu.be/iMsh5XjvuyQ>

-Contigo Mc 4, 35 40 Salomé Arricibita, canción:

<https://youtu.be/JsixV1Q1pbl&t=2s>

-A tempestade acougada, canto nenos:

<https://youtu.be/dLcTTRJXzEo>

-No medio da tormenta, Jésed, canto:

<https://youtu.be/lxSS8dzmMtw>

-A outra beira, canción: <https://youtu.be/35b1jdVpC8I>

-A tempestade acougada, Javier Brú, canción:

<https://youtu.be/ObcT5JfMFr0>

-Canto reflexión de Irmá Glenda: <https://youtu.be/A0w09lr0x5E>

-Santa María do Silencio, Linguaxe signos:

<https://youtu.be/d2dbYUxwCXk> <https://youtu.be/Tq1JgpSfAh0>



TEMPESTADES DA VIDA

-Ti, Señor, acompañas o noso vivir cando as augas están acougadas e todo vai sucedendo en harmonía.

-Ti, Señor, estás aínda máis preto de nós cando de súpeto xorde unha enfermidade, un problema de traballo, un conflito de relación, unha morte ou calquera dificultade.

-Ti estás cando os furacáns da vida fannos sentir medo, porque se move a barca, cremos que non imos poder superar ese momento e entón dubidamos da túa presenza e do teu amor.

-Ti, que coñeces as nosas tempestades vitais, tesnos sempre involucrados no teu amor, estás a esperar que nos poñamos confiados nos teus brazos para desenvolver todos os nosos recursos e capacidades.

Ti, que cres en nós, regaláchesnos a cada un de nós un potencial infinito e fannos saír airoso de todas as dificultades.

Ti só esperas que teñamos fe en Ti, que creamos de verdade que acompañas a nosa vida e nos enches de forza para poder con todo o que a vida nos depara, sempre que saibamos que vives dentro de nós, que somos persoas habitadas, impulsadas desde dentro a ser.

Mari Patxi Ayerra